



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Secretaría Xeral Técnica

Edif. Advo. San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela

galicia

XUNTA
DE GALICIA
REXISTRO ELECTRÓNICO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Saída 47887 / RX 58771

Data 18/01/2021 08:11:34



DAVID VÁZQUEZ NÓVOA
asociación FEDERACION TEATRAL AFECCIONADA DE GALICIA -
FETEAGAL
LUGAR ABELEDO 12-SANTIAGO DE RABEDA-TABOADELA
32690 TABOADELA (Ourense)

Asunto: Resolución de inscripción de constitución.

Con data 04/12/2020 recibiu-se solicitude de inscripción de constitución da asociación no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, formulada por D/Dona DAVID VÁZQUEZ NÓVOA no nome e representación da **asociación FEDERACION TEATRAL AFECCIONADA DE GALICIA - FETEAGAL**, con domicilio en RÚA ABELEDO Nº12-SANTIAGO DE RABEDA-TABOADELA, 32690 TABOADELA (Ourense), e tendo en conta os seguintes FEITOS:

Primeiro. Coa solicitude de inscripción presenta acta de constitución do 20/10/2020 xunto cos correspondentes estatutos, nos cales constan os fins da asociación e o ámbito territorial de actuación correspondente a Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSIDERACIÓNNS LEGAIS

Primeiro. O artigo 22 da Constitución española recoñece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, recoñece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumplir este tipo de entidades para seren inscritas.

Segundo. O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, sobre asunción de funcións e servizos pola Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións, e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistrual desta Administración en materia de asociacións.

Terceiro. En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos na normativa para a súa inscripción no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

Cuarto. Esta Secretaría Xeral Técnica é competente para resolver este procedemento, en virtude do previsto no Decreto 214/2020 do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, PROPOÑO:

Inscribir a constitución da **asociación FEDERACION TEATRAL AFECCIONADA DE GALICIA - FETEAGAL** no Rexistro Central de Asociacións, correspondéndolle o núm. **2021/000264-2^a**, e depositar no rexistro a documentación preceptiva para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscripción non exonera os interesados do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Esta inscripción formalízase con carácter provisional e converterase en definitiva se no prazo de tres meses contados dende a recepción desta resolución, non se lle notificase ao interesado a incompatibilidade da súa denominación con outra previamente inscrita noutro rexistro.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2021
A xefa do Servizo de Entidades Xurídicas e Corporativas
M^a Amadora Rodríguez Carreira

RESOLVO: de conformidade coa proposta que antecede
A secretaria xeral técnica
Beatriz Cuiña Barja

Assinado por: CUIÑA BARJA, BEATRIZ
Cargos: Secretaria Xeral
Data e hora: 15/01/2021 12:49:04

Assinado por: RODRIGUEZ CARREIRA, MARIA
AMADORA
Cargo: Xefa Do Servizo
Data e hora: 15/01/2021 12:49:04

CVE: uF8WkEm1Z1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Xacobeo 2021



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

ESTATUTOS DA FEDERACIÓN TEATRAL AFECIONADA DE GALICIA (FETEAGAL)

PREÁMBULO

Galicia, a nosa terra, está chea de cultura; unha cultura arraigada con forza na sociedade actual, pero tamén unha cultura que pon de manifesto a grandeza dos homes e mulleres que cada día se dedican a difundila, a promovela, a loitar por ela, pero sobre todo a vivila e sentila como o que é, unha parte nosa.

Esta Federación nace co claro obxectivo de espallar a cultura do Teatro, pero non de calquera teatro, senón do Amador. En Galicia hai centos de grupos afeccionados que traballan arreo cada día para sacar adiante proxectos ilusionantes, que se deixan a alma e a pel nun traballo que non lles da de comer, que o fan por diversión, por amor, por paixón cara as artes escénicas; e que poñen todo o seu esforzo para que os seus montaxes poidan percorrer a nosa comunidade e incluso máis aló. Esta nova Federación ten unha misión fundamental: xuntar a todos estes grupos e asociacións e medrar xuntos, realizar actividades conxuntas, intercambios, Festivais, Ciclos de Teatro Amador, etc.

Para dignificar este traballo afeccionado e poder polo en auxe está FETEAGAL, que á súa vez se poderá integrar en outras Federacións ou Confederacións a nivel Nacional e Internacional; loitando deste xeito polos intereses dos nosos grupos, do traballo dos nosos compañeiros pero sobre todo para seguir estando enriba dos escenarios e que o Teatro Amador non morra xamais. Pero non podemos esquecernos do Teatro Amador na nosa Comunidade, onde loitaremos para dignificar o noso traballo e procurar de ofrecerelles a todos os socios propostas de actuacións dentro de Galicia e mesmo realizar Intercambios entre nós.

Esta Federación traballará para abrir portas nas Administracións Públicas, para conseguir financiación e apoio dos órganos de goberno; pero sempre dunha forma ética, clara e transparente cara os seus socios. Xuntos, con compañerismo e con ganas chegaremos moi lonxe.

CAPÍTULO I

DENOMINACIÓN, FINS, ENDEREZO, ÁMBITO

Artigo 1º.- Denominación

Coa denominación Federación Teatral Afeccionada de Galicia "FETEAGAL" constitúese unha entidade sen ánimo de lucro ao abeiro do artigo 22 da Constitución Española, que se rexerá pola Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo, reguladora do derecho de Asociación e normas concordantes e as que en cada momento lle sexan aplicables polos Estatutos vixentes.

Artigo 2º.- Fins.

A existencia desta Federación ten como fins os seguintes:



- O fomento, desenvolvemento, difusión, defensa e evolución do teatro amador.
Relacionar aos membros do teatro amador no sentido máis amplio.
Promover o intercambio de experiencias.
O debate colectivo e a defensa en nome dos membros do teatro amador.
Defender os intereses dos grupos ante as institucións e colectivos culturais.
Entender o teatro como un fin en si mesmo achegándoo ao cidadán e aspirando a que todos/as atopen nel un vehículo de formación, educación e información.
- Ostentar a representación do teatro amador galego ante os organismos públicos e privados nacionais, da Unión Europea ou Internacionais.
 - Preservar os valores do teatro amador e difundir as novas tendencias escénicas.
 - Dignificar o teatro amador en todo o territorio estatal promovendo por parte das institucións a dotación de medios, infraestruturas e a difusión dos seus espectáculos.
 - Dignificar a lingua e a cultura galega mediante a difusión dos espectáculos en galego e dentro da nosa terra.
 - E os intereses que lle sexan propios.

Artigo 3º.- Actividades.

Para o cumprimento destes fins a asociación poderá realizar actividades económicas de todo tipo encamiñadas a obter recursos económicos para realizar as actividades recollidas nos seus fins.

Como actividades principais realizaranse as seguintes:

- Promoción de iniciativas que propicien o intercambio teatral e cultural.
- Congresos.
- Debates
- Xornadas,
- Organizar cursos e seminarios que desenvolvan as posibilidades formativas dos grupos.
- Intercambios.
- Representacións.
- Festivais ou ciclos de teatro.
- Colaborar na difusión dos autores teatrais e as súas obras, establecendo relacións de cooperación mutua cos autores e as entidades que os representan ou xestionan os seus dereitos de propiedade intelectual ou de imaxe.
- Fomentar a presenza de grupos de teatro amador da Comunidade Galega en cantas manifestacións teatrais nacionais e internacionais se produzan.
- Realizar convenios de colaboración e información con outros grupos ou entidades non pertencentes ao territorio da Comunidade Galega.
- Reivindicar ante os organismos e autoridades nacionais e internacionais a promulgación de leis nas que se recolla a importancia socio-cultural que representa o teatro amador.



- Procurar o logro de subvencións dos diferentes organismos e administracións locais, nacionais e internacionais, para garantir a existencia desta asociación e o cumprimento dos seus fins.
- Realizar viaxes e actividades de tipo cultural, artístico e recreativo que contribúan á formación e desenvolvemento do teatro, así como da satisfacción de afeccións formativas e mellora das relacións sociais.
- Todas aquellas actividades audiovisuais que teñan relación co desenvolvemento do teatro amador.

E todas aquellas actividades que axuden ao fomento, experimentación e desenvolvemento do teatro ou doutras manifestacións culturais ou artísticas e que no seu momento se crean oportunas.

Artigo 4º.- Enderezo e ámbito

A Federación establece o seu domicilio social en Galicia, Rúa Abeledo, nº 12, Santiago da Rabeda, 32690, Taboadeira, Ourense; e o seu ámbito de actuación principal comprende a COMUNIDADE GALEGA, podendo realizar tamén actividades de ámbito estatal e internacional.

Correo electrónico: feteagal@gmail.com

Pedirase ademais dominio para unha futura páxina web.

CAPÍTULO II

ÓRGANOS DA FEDERACIÓN

Artigo 5º.- Órganos de governo e representación da Federación

Os órganos de governo e representación da Federación son, respectivamente a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.

CAPÍTULO III

ASEMBLEA XERAL

Artigo 6º.- Natureza

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de governo da Federación e estará integrada por todas as asociacións ou grupos.

Artigo 7º.- Reunións.

As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. A Ordinaria celebrarase, como mínimo, unha vez ao ano, no primeiro semestre. As Extraordinarias celebraranse nos supostos previstos pola lei ou:

- a) Cando a Xunta Directiva considere, a xuízo do/a Presidente/a.

CVE: XGREX-9319ea-e05b-3a13-973d-a6545afabbb

Copia electrónica auténtica de documento en papel



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

- b) Cando se solicite por escrito un número de Asociacións non inferior ao 30% e a Xunta Directiva a deberá de convocar nun prazo non superior a un mes.

Artigo 8º.- Convocatorias.

As convocatorias das Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, realizaranse por escrito, a través de correo electrónico, expresando o lugar, día e hora da reunión así como a Orde do Dia coa expresión concreta dos asuntos a tratar. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asemblea en primeira convocatoria haberán de mediar polo menos dez días, podendo, así mesmo, facer constar, se procedera, a data en que se reunirá a Asemblea en Segunda Convocatoria; sen que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior a media hora.

Por razóns de Urxencia ou mobilidade contémplase a posibilidade de realizar devanditas reunións, tanto Ordinarias como Extraordinarias, por medios telemáticos; respectando sempre os prazos arriba mencionados.

As Asembleas, tanto Ordinarias como Extraordinarias serán rotatorias en todo o territorio galego, nos lugares onde os grupos asociados teñan o seu local ou poidan conseguir un de algúmha forma gratuita. Esta medida pretende descentralizar as actividades da Federación e facilitar as opcións de todos os asociados a asistir presencialmente ás mesmas.

Artigo 9º.- Quórum de validez de constitución e quórum de adopción de acordos.

As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituidas en primeira convocatoria cando concorran a elas, presentes ou representadas polo menos un terzo das asociacións con dereito a voto e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asociacións con dereito a voto.

Os acordos tomaranse por maioria simple de votos das asociacións presentes ou representadas, salvo nos supostos de modificación de Estatutos, Disolución da Federación, disposición ou alleamento de bens ou remuneración dos membros da Xunta Directiva, nos que serán necesaria unha maioria de 2/3 de votos das asociacións presentes ou representadas, decidindo en caso empate o voto de calidade do/-a Presidente/-a.

Artigo 10º.- Facultades da Asemblea Xeral Ordinaria.

Son facultades da Asemblea Xeral Ordinaria:

- Nomeamento da Xunta Directiva e os seus cargos, administradores e representantes, así como os seus socios de honra.
- Examinar e aprobar os presupostos anuais e as contas.
- Aprobar, no seu caso, a xestión da Xunta Directiva.
- Fixar as cotas ordinarias ou extraordinarias.



- e) Acordo para constituir unha Confederación de Asociacións ou integrarse nalgúnha xa existente.
- f) Ratificar as decisións sobre admisión de novas asociacións a proposta da Xunta Directiva.
- g) Expulsión de asociacións a proposta da Xunta Directiva.
- h) Solicitud de declaración de utilidade pública.
- i) Disposición e alleamento de bens.
- j) Aprobar o Regulamento de Réxime Interno.
- k) Remuneración, no seu caso, dos membros da Xunta Directiva.
- l) Aprobar ou rexeitar as propostas da Xunta Directiva en orde ás actividades da Federación.
- m) Calquera outra que non sexa competencia exclusiva da Asemblea Extraordinaria.
- n) Poderá tratarse algún asunto que non estea reflexado na Orde do Día cando estando presentes todos os membros da Asemblea, acorden por unanimidade de todos os membros de dita asemblea, a adopción de algún asunto que consideren carácter urgente.

Artigo 11º.- Moción de Censura

Polo menos un terzo das asociacións poderá presentar moción de censura contra o/a Presidente/-a ou calquera dos membros da Xunta Directiva.

A moción de censura terá que anunciarse previamente á Asemblea Xeral e deberá incorporar un candidato/-a alternativo ao membro da Xunta Directiva censurado/-a, ademais deberá constar na Orde do Día o punto da Moción de Censura presentada. A Asemblea poderá ser suspendida por un tempo non superior a dúas horas para deliberar as posturas da Moción de Censura.

De ser rexeitada a moción de censura, os seus signatarios non poderán presentar outra moción de censura no mesmo período de mando da Xunta Directiva.

Artigo 12º.- Facultade da Asemblea Xeral Extraordinaria.

Correspóndeelle a Asemblea Xeral Extraordinaria a modificación dos Estatutos e a disolución da Federación.

CAPÍTULO IV

XUNTA DIRECTIVA

Artigo 13º.- Natureza e composición.

A Xunta Directiva é o órgano de representación que xestionan e representa os intereses da Asociación de acordo coas disposicións e directrices da Asemblea Xeral. Estará formada por:

- Presidente/-a
- Videpresidente/-a
- Secretario/-a



FIRMADO

FIRMADO por: (XUNTA DE GALICIA)
Versión imprimible con información de firma generada desde VALIDE (http://valide.redsara.es)
Firma válida.

974940160
46640160
3400-
✓
Copia electrónica auténtica del documento en papel

- Tesoureiro/-a
- Poderán incluirse tantas vogalias como se acorde na Asemblea Xeral Ordinaria.

Todos os cargos que componen a Xunta Directiva serán designados pola Asemblea Xeral, en pleno uso dos seus dereitos civís e que non estean incursos en motivos de incompatibilidade legalmente establecidos, o seu mandato terá unha duración de 3 anos e renovarase na súa totalidade.

O/A Presidente/a, e Secretario/a da Xunta Directiva serán así mesmo, Presidente/a, e Secretario/a da Federación e da Asemblea Xeral.

Artigo 14º.- Procedemento para a elección e substitución de membros.

A elección dos membros da Xunta Directiva pola Asemblea Xeral realizarase mediante a presentación de candidaturas ás que se lles permitirá a adecuada difusión entre os asociados, terán que enviarse aos socios/ Xunta Directiva / correo designado para tal fin cunha antelación de 48h ao inicio da celebración da correspondente reunión.

Por razóns excepcionais, como dimisións ou ceses, as candidaturas poderán ser presentadas durante o transcurso da Asemblea Xeral.

Para poder presentar candidatos á Xunta Directiva, os asociados deberán de levar máis de un ano ininterrompido como Asociados da Federación.

En caso de ausencia ou enfermidade dalgún membro da Xunta Directiva, poderá ser suplido provisionalmente por outro dos componentes desta, previa designación por maioría dos seus membros.

Os membros da Xunta Directiva cesarán:

- a) Por transcurso do período dos seus mandatos.
- b) Por renuncia expresa.
- c) Por acordo da Asemblea Xeral.

Artigo 15º.- Reunións e quórum de constitución e adopción de acordos.

A Xunta Directiva reunirase, previa convocatoria, debendo de mediar polo menos dez días entre esta e a súa celebración, cantas veces o ditamine o/a Presidente/a e a iniciativa ou petición de calquera dos seus membros. Quedará constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e para que os acordos sexan válidos deberán ser adoptados por maioría de votos. No caso de empate, será de calidade o voto do/a calidao/a Presidente/a.

As convocatorias das reunións da Xunta Directiva faraas o/a Secretario cunha antelación de dez días indicando a correspondente orde do dia. A Xunta Directiva reunirase como mínimo 4 veces no ano.



Artigo 16º.- Facultades da Xunta Directiva.

Son facultades da Xunta Directiva:

- a) Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da Federación, acordando realizar os oportunos contratos e actos sempre que estean amparados pola Asemblea Xeral. Artigo 10.
- b) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- c) Elaborar e someter a aprobación da Asemblea Xeral os presupostos e as contas.
- d) Elaborar, no seu caso, o Regulamento de Réxime Interno.
- e) Resolver sobre a admisión de novas asociacións.
- f) Nomear delegados/as para algúmha determinada actividade da Federación.
- g) Calquera outra facultade que non sexa competencia exclusiva da Asemblea Xeral.

Artigo 17º.- A/o Presidente/a.

O/a Presidente/a terá as seguintes atribucións.

- a) Representar legalmente á Federación ante toda clase de organismos públicos ou privados.
- b) Convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.
- c) Dirixir as deliberacións de unha e outra.
- d) Ordenar pagos e autorizar coa súa sinatura os documentos, actas e correspondencia.
- e) Adoptar calquera medida urgente que a boa marcha da Federación aconselle ou, en desenvolvemento das súas actividades, resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.

Artigo 18º.- O/a Vicepresidente/-a.

- a) Substituíra ao Presidente cando este non poida exercer as súas funcións.

Artigo 19º.- O/a Secretario/a.

O/a Secretario/a terá ao seu cargo a dirección dos traballos puramente administrativos da Federación, expedirá certificacións, levará os ficheiros, custodiará a documentación da entidade, remitindo no seu caso, as comunicacións á administración cos requisitos pertinentes.

Artigo 20º.- O/a Tesoureiro/a.

O/a Tesoureiro/a recadará e custodiará os fondos pertences á Federación e dará cumprimento das ordes de pago que expida o/a Presidente/a.



CAPÍTULO V

MEMBROS DA FEDERACIÓN

Artigo 21º.- Requisitos para asociarse.

Poderán pertencer á Federación todas aquelas asociacións de teatro afeccionado ou aqueles grupos de teatro afeccionado integrados nunha asociación sen ánimo de lucro, de carácter cultural, vecinal, etc. En centros educativos, tales como a Universidade, colexio, ou de asociacións de nais/pais (ANPAs), etc. Sempre e cando o grupo de teatro que teña, mostre un claro interese no desenvolvemento dos fins da Federación.

Deberán dirixir unha solicitude o/a Presidente/a, axuntando a documentación necesaria. Esta documentación será:

- Ficha de Inscrición.
- Fotocopia do CIF.
- Fotocopia dos Estatutos e da Acta Fundacional.
- Designación da persoa representante para as comunicacións entre a Asociación e Federación.
- Certificado expedido pola Xunta de Galicia onde figure que é unha Asociación sen Ánimo de Lucro.
- Certificado expedido pola Xunta de Galicia onde figure a composición dos órganos de Goberno da Asociación.
- Certificado expedido polo Secretario/a da Asociación conforme que os seus membros non pertencen a outra Asociación/Empresa co mesmo fin pero de ámbito profesional.
- Listado de Socios da devandita Asociación.

As solicitudes de admisión resloveranse nun prazo de tres meses desde a súa recepción. A Xunta Directiva poderá reservarse o dereito de admisión.

Artigo 22º.- Clases de socios.

Existirán as seguintes clases de asociados.

- a) Asociacións fundadoras, que serán aquelas que participen no acto de constitución da Federación.
- b) Asociacións de número, que serán as que ingresen despois da constitución da Federación.
- c) Socios de honra, os que polo seu prestixio ou por ter contribuído de modo relevante aos fins da Federación se fagan acredores a tal distinción.

Artigo 23º.- Causas de perda da condición de asociado.

- a) Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva.
- b) Por incumprimento das obrigas económicas, se non se aboara a cota no período establecido. A cota anual terase que aboar no primeiro trimestre do ano.



- c) Por conduta incorrecta, por desprestixiar á Federación con feitos ou palabras que perturben gravemente os actos organizados pola mesma e a normal convivencia entre as asociaciós.
- d) Aqueles grupos de teatro ou asociaciós nas que se demostre que perden o seu carácter non lucrativo ou cambien de condición xurídica.

Nos supostos de sanción e separación dos asociados, informarase en todo caso ao afectado dos feitos que poidan dar lugar a tales medidas, e escoitaráselles previamente, debendo ser motivado o acordo que, en tal sentido, se adopte.

A Xunta Directiva ten a capacidade de que unha Asociación perda a condición de asociado polas anteriores causas mencionadas. A Asociación afectada poderá recorrer ante a Asemblea Xeral a adopción de tales medidas.

Artigo 24º.- Dereitos dos asociados.

As asociaciós de número e fundadoras terán os seguintes dereitos:

- a) Participar nas actividades da Federación e nos órganos de governo e representación.
- b) Exercer o derecho a voto, así como asistir á Asemblea Xeral.
- c) Ser informado acerca da composición dos órganos de governo e a súa representación.
- d) Ser oido con carácter previo a adopción de medidas disciplinarias contra el.
- e) Impugnar os acordos dos órganos da Federación que estimen contrarios á lei e aos Estatutos.
- f) Realizar suxestións aos membros da Xunta Directiva en orde ao mellor cumplimento dos fins da Federación.
- g) Expresar libremente as súas ideas e opiniós.

Os socios de honra terán os mesmos dereitos, salvo o de voto na Asemblea Xeral e o de participación na Xunta Directiva da Federación.

Artigo 25º.- Deberes dos asociados.

Os asociados terán as seguintes obrigas.

- a) Compartir as finalidades da Federación e colaborar para a consecución das mesmas.
- b) Aboar as cotas, derramas e outras achegas que, con arranxo aos Estatutos poidan corresponder a cada asociado, salvo os de honra.
- c) Cumprir o resto das obrigas que resulten das disposicións estatutarias.
- d) Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados polos órganos de governo e representación da Federación.
- e) Fomentar, difundir e defender o teatro amador no seu ámbito de actuación.
- f) Contribuir, co seu comportamento, ao bo nome e prestixio da Federación.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

CAPÍTULO VI

RÉXIME DE FINANCIACIÓN, CONTABILIDADE E DOCUMENTACIÓN

Artigo 26º.- Obrigas documentais e contables.

A Federación disporá dunha realización actualizada de asociados/as. Así mesmo, levará unha contabilidade onde quedará reflectida a imaxe fiel do patrimonio, os resultados, a situación financeira da entidade e as actividades realizadas. Tamén disporá dun inventario actualizado dos seus bens.

Nun libro de actas figurarán as correspondentes reunións que celebren os seus órganos de goberno e representación. O libro poderá ser substituído por actas realizadas en ordenador debidamente ordenadas e enumeradas.

Artigo 27º.- Recursos económicos.

Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Federación serán os seguintes:

- As cotas dos socios, periódicas ou extraordinarias.
- As subvencións, legados ou heranzas que puidera recibir de forma legar por parte dos socios/as ou de terceiras persoas físicas ou xurídicas.
- Calquera outro recurso lícito.

Artigo 28º.- Patrimonio inicial e peche do exercicio.

A Federación ten un patrimonio inicial de 50 Euros.

O peche do exercicio asociativo coincidirá co último día do ano natural.

CAPÍTULO VII

DISOLUCIÓN

Artigo 29º.- Acordo de disolución.

A asociación disolverase:

- Por vontade das asociacións expresadas mediante acordo da Asemblea Xeral.
- Por imposibilidade de cumplir os fins previstos nos estatutos apreciada por acordo da Asemblea Xeral.
- Por sentenza xudicial.

O acordo de disolución adoptarase pola Asemblea Xeral, convocada a tal efecto, por maioria de 2/3 das asociacións.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

Artigo 30º.- Comisión liquidadora.

En caso de disolución, nomearase unha comisión liquidadora, a cal, unha vez extinguidas as débedas e, se existise sobrante líquido, destinarao para fins que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa.

Os liquidadores terán as funcións que establecen os apartados 3 e 4 do artigo 18 da Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo.

Asdo: O/A Secretario/a

V.Bº. O/A Presidente/a

Copia electrónica auténtica de documento en papel

CVE: XGRREX-d9319cea-cccb-3af3-973d-a6545ab6acbb

Firma válida

Página 11 de 11

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Quédan VISADOS os presentes ESTATUTOS de ASOCIACIÓN, (A)
correspondéndo-lle o número 264 Sección 202
do REGISTRO CENTRAL desta Comunidad Autónoma.

Santiago de Compostela

15 XAN. 2020



Maria Antonia Rodríguez Carreiro

(1) FEDERACIÓN TEATRAL AFECIONADA DE GALICIA
- FETEAGAL -